

The background of the top half of the page is a solid blue color. Overlaid on this is a faint, light blue graphic of a hand with the index finger pointing upwards. A network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines is also overlaid on the background, with one node positioned directly above the hand's index finger.

PLAN DIXITAL

CPI Armando Cotarelo Valledor

Versión 1.0_ xuño 2022
ACTUALIZADA_ outubro 2023

Índice do Plan Dixital

1.	Introdución.....	3
1.1.	Datos básicos do centro.....	3
1.2.	Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo doCentro	4
1.3.	Breve xustificación do mesmo	6
1.4.	Proceso de elaboración (curso 2021/22)	7
2.	Situación de partida.....	9
2.1.	Infraestrutura, equipamento e servizos dixitalis	9
2.2.	Fontes empregadas para a análise DAFO	10
2.3.	Análise DAFO	13
3.	Plan de Acción	14
3.1.	Obxectivos, indicadores e accións	14
3.2.	Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	16
	TÁBOAS DE OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS	15
4.	Avaliación do plan	18
4.1.	Seguimento do Plan de Acción	18
4.2.	Propostas de mellora (revisión).....	18
5.	Difusión do plan.....	18

1. Introducción


1.1. Datos básicos do centro

O CPI Armando Cotarelo Valledor forma parte da zona **ADIX Santiago 2** (ADIX_SA_2) e foi seleccionado no curso 2021/2022 para formar parte da Rede Galega de Educación Dixital.

Enderezo	CP
Campo do Rosario, s/n	15818
Localidade/Concello	Provincia
Boimorto	A Coruña
Teléfono/Fax	Correo electrónico
981 51 62 45	cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.gal
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/


Dá cabida aos niveis de Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Só dispón dunha liña e conta, nos niveis baixos, con agrupamentos mixtos. No curso **2023_2024** a distribución de alumnos por aula é a seguinte:

EI			EP				ESO			
4º/5º/6º			1º/2º	3º/4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º
4º	5º	6º	5+10	6+6	13	15	17	14	14	19
3	8	6	15	12						
17 (13%)			55 (40%)				64 (47%)			
136 (100%)										



O claustro está formado por un amplo sector de docentes en situación de definitivos, distribuídos do seguinte xeito:


	Definitivos	Provisionais	Itinerantes
EI	1	0	0
EP	4	4	1
ESO	12	1	2
	17 (68%)	5 (20%)	3 (12%)
Totais	25 (100%)		



1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado no concello de Boimorto (A Coruña), pertencente á comarca de Arzúa. Segundo os últimos rexistros, correspondentes ao ano 2021, no concello residen 1.943 habitantes.

O CPI Armando Cotarelo Valledor defende no seu **Proxecto Educativo de Centro (PEC)**¹¹ aquelas características inherentes ao Ensino Público e tamén á busca do desenvolvemento integral do individuo:



¹ Aprobado en Consello Escolar celebrado o 11/09/2012 e revisado con data 11/09/2020.

Aínda que nos signos de identidade se incide na consecución de habilidades instrumentais básicas, o bilingüismo, a relevancia das aprendizaxes fóra da aula e o equilibrio entre a comprensión, a memoria e a curiosidade; nos **obxectivos** establecidos na **Programación Xeral Anual (PXA)** do curso 2021-2022, as TICcobran especial relevancia directa e indirectamente:

Obx. 1.- Implicar a todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plans de Centro, incluído o Plan TIC.

Obx. 2.- Mellorar a xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada ás súas necesidades, garantindo unha igualdade de oportunidades, equidade, baseada na atención á diversidade e prestando apoios necesarios.

Obx. 3.- Fomentar unha educación para a igualdade e a coeducación evitando comportamentos sexistas.**Obx. 4.- Dinamizar os órganos de goberno e coordinación docente, impulsando a participación nestes de todos os membros da comunidade educativa e implicando a todos dun xeito real.**

Obx. 5.- Revisar o PEC e integrar todos os Plans, adaptándoos á lexislación vixente. **Obx. 6.-** Actualizar o Plan de Auto-protección escolar e modificalo segundo corresponda...

Obx. 7.-Continuar traballando en prol da Lingua Galega

Obx. 8.- Mellorar e adecentar o equipamento e infraestruturas do centro.

Obx. 9.- Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.

Obx. 10.- Levar a cabo diversas accións respecto aos distintos membros da comunidade educativa e respecto ao noso entorno.

Algunhas medidas levadas a cabo ata o de agora relacionadas coa formación do profesorado e do alumnado dirixidas cara as TIC son:

1. Integración do colexio na rede de centros **EDIXGAL** dende o curso 2018/2019, permanecendo aínda neste curso nas aulas de 5º e 6º de EP. Este proxecto dota a alumnos e profesores de novos ordenadores persoais con conexión á Internet, feito que abre o abano de posibilidades de traballo co alumnado na aula.
2. A liña de formación marcada no PFPP do centro, dirixida cara a integración de novas metodoloxías relacionadas co **DUA** e onde as TIC terán unha gran presenza.
3. A incorporación dos **POLOS CREATIVOS**, que ven acompañada da achega a recursos tecnolóxicos que fomentan as aprendizaxes STEM.

A través destas accións e das que carrega a implementación do **Plan Dixital** perséguese:

- I. En primeiro lugar, evidenciar o **emprego xeneralizado** e igualitario das TIC en practicamente tódoloseidos da vida cotiá, tamén no escolar;
- II. Dar un **enfoque integral e integrador**, con trasfondo **ético**, da interacción entre tecnoloxías, persoas, economía e contorna;
- III. E, finalmente, **ampliar e actualizar** a Competencia Dixital ao ensino, acorde ás recomendacións europeas².

1.3. Breve xustificación do mesmo

«O **Plan Dixital de Centro** concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes».

O Proxecto Dixital de Centro é un documento **aberto**, suxeito a continua **revisión, integrado** noutros plans ou proxectos de centro, que define o **uso e integración** das tecnoloxías no centro educativo. Está articulado en tres dimensións:

- a) **Organizativa:** liderado, desenvolvemento profesional, colaboración, traballo na rede...
- b) **Tecnolóxica:** modificación, dotación e mantemento de equipos, infraestruturas e comunicacións...
- c) **Pedagóxica:** metodoloxías, prácticas de ensino-aprendizaxe, contidos e currículos, prácticas de avaliación...

MARCO LEXISLATIVO

Existen tres marcos europeos elaborados polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea, que articulan a competencia dixital no eido educativo:

- a) DigCompEdu: que fai referencia á **competencia dixital docente**.
- b) O marco europeo da competencia dixital para os cidadáns, onde se integra tamén a **competencia dixital do alumnado**.
- c) O marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes: que trata a elaboración do **plan dixital** nos centros educativos.

Con este fin creouse no curso 2021/22 a Rede Galega de Educación Dixital (**DixitalGal**), integrada por 52 centros de EI e EP e 26 de ESO, FP, etc.; rexida polos seguintes documentos:

- Art. 111 bis da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das

² Principios establecidos na Resolución do 3 de setembro de 2021.

- ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021/22.
- Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de **competencias dixitais** e a certificación galega en competencias dixitais.
 - Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22.
 - Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021/22.
 - Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da Educación Primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o **currículo de Educación Infantil** na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
 - Orde do 26 de maio pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da Educación Secundaria Obrigatoria** na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
 - Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no **curso académico 2023/24**.
 - Orde do 6 de outubro de 2023 pola que se da continuidade ao programa de innovación educativa **Polos Creativos** e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para os cursos 2023/24 e 2024/25.

1.4. Proceso de elaboración (curso 2021/22)

a) Persoas responsables e organización

Por unha banda temos que diferenciar o **equipo de dinamización** do Plan Dixital, configurado

polos seguintes membros:

1. Guillermo Soto (director do centro)
2. Manuel Fariña (secretario do centro)
3. Beatriz Cancela (coordinadora)

Por outra, o **plan de formación (PFPP)** do Plan Dixital, naquel momento coordinado por Beatriz Cancela e integrado portodo o profesorado do centro.

b) O proceso de elaboración do Plan Dixital de Centro deu resposta á seguinte temporalización:

- **Decembro 2021:** cubrir o SELFIE (profesorado, alumnado e dirección)
- **Xaneiro 2022:** tratamento dos datos extraídos do SELFIE
- **Febreiro 2022:** cubrir o Test de Competencia Dixital Docente (TCDD) en FPROFE (apartadocuestionarios).
- **Marzo 2022:** elaborar o Documento de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades doCentro (Informe DAFO)
- **Abril e maio 2022:** deseño do Plan Dixital de Centro
- **Xuño 2022:** aprobación do Plan Dixital de Centro en Consello Escolar
- **Curso 2022/2023:** aplicación e posta en práctica do Plan Dixital do Centro

Deste xeito, e para tentar dar resposta ás tres dimensión que establece o Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (**DigCompOrg**): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa; empregáronse unha serie de ferramentas:


1. Cuestionario SELFIE

Esta ferramenta de autoavaliación permitiunos reflectir a realidade do centro contemplando oito áreas:

Organización e infraestrutura	A	Liderado
	B	Colaboración e redes
	C	Infraestructuras e equipos
	D	Desenrolo Profesional Continuo (DPC)
Pedagóxica e educativa	E	Pedagogía: apoios e recursos
	F	Pedagogía: implementación na aula
	G	Prácticas de avaliación
	H	Competencias dixitais do alumnado

2. Test de CCD

A través deste cuestionario exportáronse os datos que axudaron a establecer un nivel competencial dereferencia do profesorado do centro atendendo ás seis áreas fixadas pola Unión Europea:



3. Informe DAFO

A análise dos datos obtidos no SELFIE e no TCDD foron tratados e analizados para elaborar o informe DAFO. Trátase dunha táboa onde se perfilan as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades que nos levarán á posterior reflexión e elaboración das directrices sobre as que se baseará o Plan Dixital.

4. Redacción do Plan Dixital

Cumio do proceso antes da posta en práctica; este documento plasma os obxectivos, a periodización, as accións, as estratexias e os procesos avaliativos que se comezarán a levar a cabo no vindeiro curso escolar 2022/2023.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Dotación tecnolóxica

Por norma xeral, cada aula ordinaria dispón dun ordenador (portátil ou pc), un canón fixo, unha pizarra dixital (exceptuando en Relixión, aula de desdobre de 6º EP, Música, Tecnoloxía, Biblioteca e Laboratorio) ealtofalantes.

O pasado curso 2022/23 instaláronse catro **paneis dixitais** nas aulas de Infantil, 1º/2º e 3º/4º EP. Acougamos este curso a chegada dos paneis para as demais aulas, ao igual que a dotación de recursos tecnolóxicos e dixitais que acompañan os **Polos Creativos**.

Incidimos tamén na presenza de EdixGal no centro, en concreto, nos cursos de 5º e 6º de EP, o que significa que cada alumno/a posúe un ordenador portátil propio cedido pola Administración.

Agás dos despachos e doutros espazos comúns, podemos concretar que existen en activo no centro:

Equipo	Totais
Ordenadores portátiles	12
PC + monitor	35
Canón proyector fixo	16
Altofalantes	9
Pantalla dixital	12
Paneis dixitais	4
Impresora	4
Impresora 3D	1

- **Conectividade**

A finais do curso 2020/2021 realizáronse melloras no cableado do centro e engadíronse AP ou WAP (Access Point ou Wireless Access Point) en varias aulas, mellorando ostensiblemente a conectividade a internet, que na actualidade é de 1 G Vodafone.

- **Plataformas e servizos dixitais**

No momento de redacción deste PDC o centro dispón e traballa a través das plataformas oficiais:

- A. **Páxina web do centro:** [<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/>] esta plataforma serve como punto de información (prazos, procedementos administrativos) e tamén para compartir eventos e actuacións realizadas no centro.
- B. **Abalar Móbil:** sistema de mensaxería para achegar avisos e comunicados ás familias, tanto por partedo equipo directivo, como tamén dos titores e demais docentes.
- C. **Aula Virtual:** é o entorno virtual de aprendizaxe que permite aos docentes e alumnos compartir materiais e interactuar virtualmente.

- **Mantemento**

Segundo establece a Orde do 17 de xullo de 2007, no seu artigo 14³ que fixa as funcións da dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación, o mantemento cotiá dos dispositivos recae no coordinador TIC do centro e do profesorado de apoio. Tamén é a persoa responsable de comunicar calquera incidencia coa finalidade de solventala aos organismos correspondentes (Abalar, Unidade de Atención a Centros -UAC-, etc.).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A elaboración do cuestionario **SELFIE** realizouse no mes de decembro de 2021. O grao de participación foi elevado, tal e como reflicte esta táboa:

³ Orde do 17/7/2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras función docentes.



EI e EP			ESO		
Eq. Dir.	Prof.	Alumnos	E. Dir.	Prof.	Alumnos
2/4	3/3	6/6	3/4	13/15	61/69
50%	100%	100%	75%	87%	88%

Os resultados obtidos resúmense na seguinte táboa:


ÁREAS	GRUPOS	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A – Liderado	Equipo Directivo	4,2	2,9
	Profesorado	4,2	3,8
	Alumnado		
B – Colaboración e redes	Equipo Directivo	3,3	2,7
	Profesorado	3,8	3,2
	Alumnado	4,7	2,9
C – Infraestrutura e equipos	Equipo Directivo	3,9	3,6
	Profesorado	4,6	3,8
	Alumnado	4,1	4,0
D – Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,7	3,4
	Profesorado	4,9	3,9
	Alumnado		
E – Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,9	2,9
	Profesorado	4,5	3,8
	Alumnado		4,0
F – Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,2	2,7
	Profesorado	3,9	3,5
	Alumnado	3,4	3,4
G – Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3,1	2,6
	Profesorado	3,9	2,8
	Alumnado		2,8
H – Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,8	3,4
	Profesorado	4,3	3,4
	Alumnado	4,8	3,4

O prazo de realización do TCDD abriu o 8/2/2022 e pechou o 7/3/2022. Nese mes, dos 26 profesores convocados, realizaron o test 22, representando o 84'6%. A participación por etapas foi a seguinte:

- E. Infantil: 100% participación
- E. Primaria: 88'9% *id.*
- ESO: 83'3% *id.*



De modo que -atendendo aos resultados da enquisa realizada- a distribución dos resultados seguindo a clasificación dos niveis de competencia dixital quedaría do seguinte xeito:



En resumo, o centro acadaría unha puntuación media de 78 puntos sobre 192, que o levarían a estar no nivel competencial cualificado como **INTEGRADOR (B1)**, moi semellante ao nivel medio de Galicia (76'4/192, Integrador B1).

2.3. Análise DAFO

A partires do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise **DAFO** que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais No noso centro facilítase o acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe	
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado ten acceso a actividades para o seu DPD no relativo ao ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Claustro estable (80% do profesorado é definitivo no centro)	Ausencia de intercambio de experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. Escaso traballo multidisciplinar Insuficiente tempo para formacións específicas, xestión de repositorios propios e incorporación de cambios metodolóxicos
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Os alumnos non precisan software de pago nos seus fogares O alumnado reconece que ten acceso a dispositivos con conexión no seu fogar Ratio pequena de alumnos por aula	Baixa competencia dixital do alumnado: non crea contidos dixitais nin se comunica usando tecnoloxías dixitais. Non existe percepción dos perigos da internet entre o alumnado.
	FAMILIAS		
	OFERTA	Presenza de EdixGal no centro	
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Fomento e emprego das tecnoloxías dixitais da comunicación relativa ao centro educativo O equipo directivo apoia ao profesorado para que exploren novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais	Non hai unha estratexia dixital no centro Non se avalían os progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A Administración Educativa favorece plans de DPC e a dotación TIC Existencia de plans e programas externos relacionados co eido dixital	
	LEXISLACIÓN	Apoio e amparo da lexislación vixente á consolidación dixital	
	ANPA	Apoio e implicación da ANPA aos proxectos dixitais	
	CONTORNA		Baixa conectividade na contorna Diferencias e desigualdades na CD das familias e na dotación de recursos tecnolóxicos
	OUTRAS ENTIDADES	Apoio e colaboración co Concello	Inexistencia de actividades formativas dixitais para familias e ausencia de participación

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo dos datos obtidos coas ferramentas anteriormente descritas, e tras a conseguinte análise dos datos recadados, fixéronse uns obxectivos prioritarios para tentar acadar no seguinte curso académico. Algunhas desas reflexións foron:

- As realidades de EI, EP e ESO son moi dispares -mesmo dentro da mesma etapa coa presenza de EDixgal-polo que cómpre atopar obxectivos que unifiquen e que poidan levarse a cabo nas tres etapas.
- Tamén resulta significativo e moi positivo á hora de establecer unha planificación a longo prazo o feito de contar cun claustro estable.
- Evidénciase tamén a valoración positiva que reciben aspectos como as infraestruturas do centro, a busca e emprego nas aulas de recursos dixitais ou a conciencia de formación e integración nas TIC nas aulas.
- Pola contra, as carencias descorren cara a ausencia de pensamento computacional⁴, a xestión de contornos virtuais de aprendizaxe, o coñecemento das normas da propiedade intelectual, o emprego das TIC na avaliación e en xeral, a creación de contidos.

Finalmente, concretáronse catro obxectivos para traballar no pasado curso 2022/23:

Área/s de mellora: Competencias Dixitais (H)							
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar un comportamento seguro e responsable do alumnado (H1, H3)					Acadado	X
Responsable:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de actividades realizadas sobre a concienciación acerca do uso das novas tecnoloxías.						
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas						
Valor previsto e data: (4)	2 actividades formativas realizadas				1º trimestre.		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Busca e solicitude de actividades (charlas, talleres, obradoiros...) para concienciar ao colectivo indicado.	Equipo directivo e equipo TIC - D.O.	1º trimestre - 2º trimestre (por motivos de axenda da Garda Civil)	Ordenador con conexión a internet e teléfono	O D.O. solicitou charlas para alumnos e familias dentro do Plan Director. Estableceuse fixalas como habituais cada curso.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Realización de actividades complementarias por parte de persoas externas ao centro e formadas na temática.	Equipo directivo	1º trimestre - 2º trimestre	Recursos que consideren as persoas que imparten a formación	O centro participou no concurso "Ciberseguridade no cole" Espertou a conciencia de incidir na seguridade na rede.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	

⁴ O pensamento computacional é o proceso de pensamento que intervéñ na formulación de problemas e as súas solucións, de xeito que as solución poidan ser realizadas por un procesador de información (Cuny, Snyder e Wing, 2010).

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E)							
OBXECTIVO 2: (1)	Promover o uso da Aula Virtual corporativa co alumnado (E3)					Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e docentes					Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na AV corporativa polo 30% do claustro.						
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas co alumnado na AV corporativa por docente.						
Valor previsto e data: (4)	15 actividades realizadas co alumnado na AV corporativa por docente.					Final do 3º trimestre.	
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitud de cursos de formación sobre AV corporativa destinada ao profesorado que o necesite.	Profesorado	1º trimestre	Solicitud e inscrición no curso de formación	Queda pendente esta formación. Decidiuse optar pola formación centrada nos Paneis Dixitais.		Realizada	
						Aprazada	X
						Pendente	
AO2.2: Creación dos cursos e matriculación do profesorado e alumnado na AV corporativa.	Persoas administradoras da AV	1º trimestre	Ordenador con conexión a internet	A comezos de curso repartíronse os usuarios e contrasinais ao alumnado de EP, organizáronse os agrupamentos e dispuxéronse as materias.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Subida de actividades aos cursos correspondentes da AV corporativa	Profesorado	3º trimestre	Ordenador con conexión a internet	Enquisa realizada ao claustro, evidencia que unha gran parte dos docentes si emprega a AV pero un sector amplo non.		Realizada	
						Aprazada	X
						Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)							
OBXECTIVO 3: (1)	Detectar e mellorar as necesidades do profesorado no relativo á competencia dixital (D2)					Acadado	X
Responsable:	Equipo directivo e coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de participación en cursos de formación vencellados coas TIC						
Valor de partida: (3)	0% de participación en curso de formación						
Valor previsto e data: (4)	30% de participación de profesorado					Final do 3º trimestre	
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO3.1: Detección de carencias relativas á competencia dixital e necesidades formativas a través da realización dunha enquisa	Coordinador TIC	1º trimestre - 3º trimestre	Ordenador	A enquisa retrasouse ao 3º trimestre xa que estabamos pendentes da concreción da CDD e das súas bases.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.2: Organización dunha liña de formación dentro do PFP ou tamén a nivel individual	Profesorado	1º e 2º trimestre	Ordenador con conexión a internet	O PFP orientouse cara ao cofecemento dos Paneis Dixitais. Está pendente unha liña de actuación a longo prazo. Interesa B2. A nivel individual o 43% do profesorado realizou algunha formación en TICs.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.3: Implementación na aula dos novos recursos dixitais adquiridos na formación que enriquezan o proceso de ensino	Profesorado	3º trimestre	Equipamento necesario en cada caso	Pendente a instalación dos Paneis Dixitais en 5º/6º e ESO. Tamén a achega aos Polos Creativos, que favorecerán a formación nestes recursos TIC.		Realizada	
						Aprazada	X
						Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)							
OBXECTIVO 4: (1)	Actualizar parte dos equipos máis obsoletos do centro (C1, C8)					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinación TIC					Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de equipos renovados						
Valor de partida: (3)	0 equipos renovados						
Valor previsto e data: (4)	3 equipos renovados						
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO4.1: Elaboración dun inventario dos equipos máis obsoletos ou que teñen un peor funcionamento.	Coordinación TIC	1º trimestre	Ordenador	Realizouse un inventario tanto de equipos como de IP, con motivo da chegada dos Paneis Dixitais, para poder organizar os rangos.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Solicitud de presuposto en función dos equipos que se prevén cambiar.	Equipo directivo e coordinación TIC	2º trimestre	Ordenador con conexión a internet e teléfono	Non se solicitou presuposto, xa que se prefire acougar ao remate da instalación dos Paneis Dixitais que faltan.		Realizada	
						Aprazada	X
						Pendente	
AO4.3: Actualización dos equipos que máis urxen.	Equipo directivo	3º trimestres	Presuposto do centro	Chegaron 4 Paneis Dixitais, reorganizáronse os efectivos e tratáronse de arranxar os dispoñibles.		Realizada	
						Aprazada	X
						Pendente	

En liñas xerais poderíamos resumir as concrecións finais do curso en catro puntos:

1. En primeiro lugar, o feito de ter elaborado previamente o **Plan Dixital** adaptado ao noso centro permitiunos non desviar ou diluír os nosos obxectivos, manténdoos moi presentes ao longo do curso. Iso non significa que non se traballaran outros aspectos.
2. Concretamos que os prazos establecidos para a consecución dos mesmos foron dilatándose no tempo por motivos burocráticos ou alleos ao centro. Véxase por exemplo:
 - A actuación da Garda Civil no Plan Director, dependendo da súa axenda.
 - A tardía da publicación do nivel competencial dixital docente, que mantivo no aire a liña de formación do colexio
 - Tamén a instalación dos Paneis Dixitais que, xunto co punto anterior, provocou unha modificación no contido do PFPP.
3. Cremos, así mesmo, que o establecemento destes catro obxectivos que perfilan o noso Plan Dixital resultou ser unha empresa demasiado ambiciosa, xa que son catro aspectos moi necesarios pero á súa vez, moi amplos.
4. Finalmente, incidir na elevada carga horaria do profesorado ou mesmo a súa propia implicación nas actividades do centro no eido dixital, ambos aspectos tamén inflúen no devir e na Implementación dos recursos dixitais á hora da práctica docente.

Por isto, establecemos as seguintes propostas para este curso 2023/24:

- a) Fortalecer o diálogo e a coordinación cos distintos axentes implicados: tanto no centro (equipo directivo, docentes, familias, ANPA...), coma externos (ADIX, CAFI, UAC, AMTEGA...)
- b) Reducir os obxectivos propostos para poder executar unha sólida liña de actuación conxunta e efectiva.
- c) Seguir incidindo na seguridade na rede, vencellados ao Plan Director.
- d) Crear unha liña de formación coherente e prolongada no tempo e, sobre todo, con aplicación didáctica intuitiva e precisa.
- e) Manter actualizado e activo o equipamento dixital do centro
- f) Finalmente, manter ao día o Plan Dixital para que sexa un documento útil e acorde á realidade do centro.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para que o Plan Dixital teña coherencia e se lle poida dar unha resposta axeitada ás disposicións establecidas, é de crucial relevancia contar no centro cun equipamento tecnolóxico axeitado e conectividade suficiente. Será unha das nosas prioridades adquirir aqueles equipos necesarios, dentro das posibilidades orzamentarias do centro, e tamén establecer puntos de acceso e conectividade que resulten prácticos para a execución de todas as medidas perfiladas.

Por todo isto, pasamos a concretar as **TÁBOAS DE OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS que se establecen para este curso 2023/24:**

TÁBOAS DE OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS (2023/24)

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar un comportamento seguro e responsable do alumnado (H1, H3)				Acadado	
Responsable:	Departamento Orientación e equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de actividades realizadas sobre a concienciación acerca do uso das novas tecnoloxías.					
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas					
Valor previsto e data: (4)	2 actividades formativas realizadas			Fin de curso 2023/24		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Busca e solicitude de actividades (charlas, talleres, obradoiros...) para concienciar ao colectivo indicado	Equipo de Orientación e responsable TIC	Setembro-maio	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización de actividades complementarias por parte de persoas externas ao centro e formadas na temática	Persoas externas	Todo o curso	Recursos que consideren as persoas que imparten a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenrolo Profesional Continuo DPC (D)							
OBXECTIVO 2: (1)	Aumentar a Competencia Dixital do profesorado a través da formación do PFPP "Coeducación a través de Polos Creativos (D2)				Acadado		
Responsable:	Equipo de Orientación e coordinador TIC				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesores participantes na formación do PFPP						
Valor de partida: (3)	0 profesores participantes						
Valor previsto e data: (4)	5 profesores participantes			Final do 3º trimestre.			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitud dunha liña de formación dun PFPP co CAFI	Orientación e coordinador TIC	1º trimestre	Solicitud e inscrición no curso de formación			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Realización das actividades do PFPP	Persoal externo e profesorado	1º e 2º trimestre	Os recursos que requiran as persoas formadoras e os que conleven a realización da actividade			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Avaliación dos resultados obtidos na formación	Coordinador TIC	3º trimestre	Enquisa			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 3: (1)	Empregar Abalar Móbil para a comunicación coas familias.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de notificacións enviadas ás familias					
Valor de partida: (3)	0 notificacións enviadas					
Valor previsto e data: (4)	20 notificacións enviadas			Final do 3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Información do uso de Abalar Móbil como canle de comunicación coas familias	Equipo directivo e titores	1º trimestre	Equipo con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Envío de comunicacións ás familias ao longo do curso escolar	Equipo directivo e profesorado	Todo o curso	Equipo con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Avaliación dos resultados obtidos	Coordinador TIC	3º trimestre	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para o seguimento do Plan de Acción tomaremos como referencia as táboas de obxectivos anteriores e as datas fixadas, indicando se as accións propostas están **pendentes, aprazadas ou realizadas**. Tras unha valoración conxunta das accións débese determinar se o obxectivo foi acadado ou non e, nese suposto, ver en que medida se lle dará continuidade o vindeiro curso académico.

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Diferenciamos dúas vías de avaliación do Plan de Acción:

Avaliación procesual: levarase a cabo unha vez ó trimestre e valoraranse as accións prefixadas no Plan de Acción. No caso de que as actuacións transcorran con demora, daráselles cumprimento coa maior prontitude para favorecer a súa consecución.

Avaliación final: parte da valoración dos obxectivos establecidos, tendo en conta os indicadores plasmados no Plan de Acción. Esta avaliación terá lugar ao finalizar o curso académico 2023/24.

O grao de consecución dos obxectivos condicionará obxectivos posteriores que se estudarán para a súa aplicación en vindeiros cursos, inmersos nos respectivos Plans Dixitais.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

As persoas mencionadas no apartado 1.4 valorarán ao remate do curso académico a consecución dos obxectivos propostos neste documento. Dese xeito, o Plan Dixital será avaliado e poderanse perfilar novos propósitos para o seguinte curso, sen prexuízo de que poida ser revisado durante o transcurso da temporalización establecida nel, se se apreciasen circunstancias eventuais que puideran propugnar a reconsideración ou reedición tanto dos obxectivos coma das accións.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do CPI Armando Cotarelo Valledor (elaborado con data xuño 2022) atópase dispoñible en formato pdf para consulta de toda a comunidade educativa e trala súa **aprobación en Consello Escolar**, na **páxina web** do centro ([ligazón](#)).

Para o presente curso escolar 2023/24, e despois da súa aprobación en Consello Escolar e Claustro de 2 de novembro de 2023, o documento está actualizado no seguinte enlace: [Plan Dixital 2023/24](#).

Boimorto, outubro 2023